

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA) PARA O DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA COLECTIVO DE ACCIÓN CLIMÁTICA E DESCARBONIZACIÓN PARA O SECTOR ALIMENTARIO NO ANO 2025

Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2025,

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, outorgadas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

E doutra parte, Andrés Rodríguez Gómez, con DNI _____, en calidade de presidente da Asociación Cluster Alimentario de Galicia (en diante, Clusaga), rexistrada no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2010/014248-1 (SC) con CIF G27407212 e domicilio en Edificio FEUGA Lope Gómez de Marzoa 15705 Santiago de Compostela, en uso das atribucións que lle confire como presidente o artigo 16 dos estatutos da Asociación Clúster Alimentario de Galicia, segundo acordo de elección adoptado na Asemblea do 14 de xuño de 2023 (resolución de inscrición do 14 de xullo de 2023 do Rexistro Central de Asociacións de Galicia).

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan recoñécense entre si capacidade legal para subscribir o presente Convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e nos termos sinalados na

Constitución Española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Segundo. Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

Terceiro. O 3 de outubro de 2019 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía (EGCC2050), como instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética na nosa comunidade, de cara ao horizonte temporal 2050.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 é a folla de ruta elaborada polo Goberno Galego para blindar o futuro da Galicia Verde, unha estratexia pioneira en canto que foi unha das primeiras rexións europeas en establecer por escrito o seu compromiso de acadar a neutralidade climática o antes posible e, a máis tardar, no ano 2050. Unha aposta por diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia dun modo sostible e xusto, baseado na modernización e mellora da eficiencia dos nosos sectores produtivos, a posta en valor do noso entorno natural e a nosa capacidade como sumidoiro natural de CO₂.

Con ese fin, púxose en marcha recentemente o II Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, un investimento de preto de 1.800 M€ (1.767 M€), 10 obxectivos e 93 medidas efectivas en sectores prioritarios como poden ser a enerxía, a mobilidade, a xestión da auga e dos residuos ou a protección dos ecosistemas.

O décimo dos obxectivos do II PRIEC está centrado no ámbito da gobernanza e a dimensión social e está desagregado en dúas liñas de acción:

O10. Gobernanza Climática: Impulsar a gobernanza climática:

- O10.LA1. Reforzo da coordinación interinstitucional para o fomento da acción climática.
- O10.LA2. Impulso dun modelo de gobernanza público – privada.

E no desenvolvemento deste obxectivo, a Alianza Galega polo Clima constitúe o instrumento de fomento e colaboración constituído por axentes sociais e

económicos implicados na loita contra o cambio climático e o impulso dunha economía circular e sostible.

Son obxectivos da Alianza galega polo clima:

- a) Fomentar o compromiso medioambiental das diferentes organizacións que a integran.
- b) Dar visibilidade ao compromiso das organizacións galegas cos obxectivos de mitigación e adaptación da presente Lei.
- c) Buscar a sinerxía e colaboración entre as organizacións da sociedade civil en materia de cambio climático.
- d) Impulsar iniciativas de mellora do rendemento ambiental das organizacións e para compartir boas prácticas climáticas.
- e) Outorgar premios e recoñecementos públicos por proxectos innovadores e de referencia en materia de mitigación e adaptación climática
- f) Identificar os factores, brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman compromisos en materia de mitigación e adaptación climática.
- g) Ofrecer ferramentas a pequenas e medianas empresas para a súa incorporación activa á alianza para eliminar ou, no seu caso, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro dos seus procesos, ou para planificar as necesidades de adaptación ao cambio climático.

Cuarto. Clusaga é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que representa ao sector alimentario de Galicia. O obxectivo central de Clusaga, tal como recollen os seus estatutos, consiste en *"contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento sostible e mellora da competitividade e da internacionalización do sector alimentario de Galicia"*.

Ese obxectivo central concrétase no Plan Estratéxico 2021-2025 en cinco obxectivos estratéxicos:

1. Incorporar ás empresas do clúster á estratexia da innovación e a dixitalización.
2. Reforzar a capacidade de adaptación e o posicionamento nos mercados das empresas do clúster.

3. Incorporar ás empresas do clúster na estratexia da economía circular e a bioeconomía para favorecer a transición cara a un sector máis sostible.
4. Impulsar o desenvolvemento de novos procesos e produtos sostibles e alimentos saudables, seguros e favorecer un consumo máis responsable.
5. Consolidar o liderado do clúster no sector alimentario.

Asemade o plan recolle cinco eixes estratéxicos de actuación nos que se recolle o impulso da sustentabilidade e a incorporación das empresas á economía circular e á bioeconomía, coma prioritario.

Quinto. No ámbito destes obxectivos, Clusaga está a desenvolver un programa colectivo de alimentación sostible (Proalis), que xorde como unha iniciativa clave para a transición ecolóxica e climática do sector alimentario en Galicia. Enmarcado dentro da Axenda 2030 e aliñado coas estratexias europeas e galegas en materia de sustentabilidade, Proalis ten como obxectivo fortalecer a cadea de valor alimentaria, impulsando a excelencia na gobernanza das empresas que a integran. A través dun enfoque integral, busca garantir o recoñecemento da súa responsabilidade, o respecto polos espazos naturais de Galicia e a consolidación dunha cadea de valor socialmente equitativa e economicamente viable. Deste xeito, a través das accións deseñadas dentro do programa PROALIS, as empresas alimentarias poderán seguir avanzando de cara a lograr ciclos de carbono alimentarios sustentables.

Sexto. En consecuencia, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Clusaga están interesadas na implantación de medidas para impulsar a neutralidade climática no sector alimentario, facilitando ás empresas alimentarias a transición verde, incrementando o seu potencial para facer significativa a súa contribución desde o foco da sustentabilidade e a economía circular relacionado coa necesidade de implantación de medidas transversais de mitigación, adaptación, concienciación e sensibilización fronte ao cambio climático.

Sétimo. Entre as posibles fórmulas de colaboración para impulsar a neutralidade climática no sector alimentario, considérase axeitada a figura do convenio entre as partes involucradas (administración pública e suxeito de dereito privado) ao abeiro do establecido no artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. É obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Clusaga para o deseño e desenvolvemento dun programa colectivo de acción climática e descarbonización destinado ás empresas da cadea de valor do sector alimentario, que contemple, como mínimo, as seguintes actividades:

- Diagnóstico: envío dun cuestionario inicial ás empresas participantes para recoller información clave sobre as súas prácticas actuais en sustentabilidade, analizada para elaborar un informe de recomendacións.
- Formación grupal: desenvolvemento de talleres teórico-prácticos enfocadas en áreas clave como gobernanza, pegada de carbono e hídrica e responsabilidade ambiental. Estas formacións permiten ás empresas adquirir coñecementos e ferramentas para mellorar a súa sustentabilidade.
- Coaching e titorización individualizada: reunións personalizadas co persoal de cada empresa para ofrecer orientación na recolleita e análise de información. Proporcionase apoio na cumprimentación de ferramentas de métricas ambientais e na elaboración da documentación necesaria para a avaliación e planificación da sustentabilidade. Tamén contempla visitas ás instalacións para coñecer o estado inicial e detectar oportunidades de mellora.
- Avaliación individualizada: análise final do punto de situación de cada empresa para acreditar os avances logrados ao longo do programa e identificar accións futuras que permitan seguir mellorando a súa sustentabilidade.
- Difusión e sensibilización: comunicación dos avances e boas prácticas a través de xornadas e materiais divulgativos. Inclúe accións para sensibilizar a provedores e clientes, fomentando unha cultura empresarial comprometida coa acción climática.

Segunda. Compromisos e tarefas de Clusaga

Clusaga comprométese a:

- a) Realizar e garantir o cumprimento das actividades mínimas establecidas para o desenvolvemento do programa, conforme aos obxectivos definidos na cláusula primeira deste convenio: diagnóstico, formación, coaching, avaliación e difusión.
- b) Xustificar a realización das actuacións contempladas e os gastos efectuados, asegurando o cumprimento dos requisitos establecidos neste convenio.
- c) Elaborar a metodoloxía e o material formativo para a difusión dos avances e resultados do programa.

Terceira. Compromisos e tarefas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a:

- a) Colaborar nas actividades establecidas para o desenvolvemento do programa, conforme aos obxectivos definidos na cláusula primeira deste convenio; en particular, poñerá a disposición a plataforma tecnolóxica da Alianza galega polo Clima para promover e organizar as actividades obxecto do convenio.
- b) Colaborar na identificación das empresas beneficiarias a través da devandita plataforma.
- c) Prestar a información e o asesoramento técnico necesario para o desenvolvemento das actividades do convenio.
- d) Promover a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou competencias na materia.
- e) Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula primeira ata a contía máxima que se recolle na cláusula cuarta.
- f) Realizar as oportunas accións de comunicación para garantir a replicabilidade e a divulgación dos resultados do convenio.



Cuarta.- Desenvolvemento do proxecto

Para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste convenio as partes constituirán un grupo de traballo formado dous representantes de cada parte. O dito grupo, sen prexuízo do emprego habitual doutros medios de comunicación, como o correo e o teléfono, reunirse como mínimo con periodicidade mensual. As reunións de traballo poderán ser telemáticas.

A colaboración no deseño e desenvolvemento do proxecto verificarase nas seguintes fases:

Fase 1.- Codeseño do programa colectivo de acción climática e descarbonización destinado ás empresas da cadea de valor do sector alimentario.

Para o deseño do programa as partes deberán acadar os seguintes fitos ou obxectivos:

- Elaboración conxunta do cuestionario inicial que permitirá obter das empresas que participen no programa información clave sobre as súas prácticas actuais en sustentabilidade. A estes efectos, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático promoverá a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou competencias na materia. Estes departamentos ou entidades poderán intervir, de ser necesario, no grupo de traballo constituído para o desenvolvemento deste convenio.
- Identificación das empresas ás que se remitirá dito cuestionario para a elaboración do diagnóstico inicial e que colaborarán inicialmente no desenvolvemento do proxecto colectivo de acción climática e descarbonización na cadea de valor do sector alimentario. As empresas seleccionadas formarán parte da cadea de valor do sector alimentario de Galicia e da Alianza Galega polo Clima, e a súa selección será acordada polo grupo de traballo regulado no primeiro parágrafo desta cláusula.

Fase 2.- Desenvolvemento do programa colectivo de acción climática e descarbonización destinado ás empresas da cadea de valor do sector alimentario

O desenvolvemento do programa tradúcese nas seguintes actividades:

- Envío do cuestionario inicial ás empresas participantes para recoller información clave sobre as súas prácticas actuais en sustentabilidade, analizada para elaborar un informe de recomendacións.

- Coaching e titorización individualizada: a través de reunións personalizadas co persoal de cada empresa participante para ofrecer orientación na recolleita e análise de información e proporcionará apoio ás empresas participantes na cumprimentación de ferramentas de métricas ambientais e na elaboración da documentación necesaria para a avaliación e planificación da sustentabilidade. Para desenvolver esta titorización individualizada, Clusaga poderá realizar visitas ás instalacións para coñecer o estado inicial e detectar oportunidades de mellora.
- Diagnóstico e recomendacións: coa información obtida, elaborárase por ambas partes un informe de diagnóstico e de recomendacións, no que recolleranse os principais obxectivos e fitos a alcanzar para cada empresa.
- Formación grupal: desenvolvemento de talleres teórico-prácticos enfocadas en áreas clave como gobernanza, pegada de carbono e hídrica e responsabilidade ambiental. Estas formacións permiten ás empresas adquirir coñecementos e ferramentas para mellorar a súa sustentabilidade.
- Avaliación individualizada final: análise final do punto de situación de cada empresa para acreditar os avances logrados ao longo do programa e identificar accións futuras que permitan seguir mellorando a súa sustentabilidade.
- Informe de resultados: elaborárase por ambas partes un informe resultados, no que recolleráse o programa desenvolvido e os principais obxectivos acadados.

Fase 3.- Comunicación e divulgación de resultados; replicabilidade do programa

Ambas partes se comprometen á comunicación e divulgación dos resultados do programa colectivo de acción climática e descarbonización destinado ás empresas da cadea de valor do sector alimentario.

En particular Clusaga asume a obriga de divulgar entre os seus asociados o informe de diagnóstico e de recomendacións así como a metodoloxía e o material formativo, co obxecto de garantir a replicabilidade do programa entre todas as empresas da cadea de valor do sector alimentario de Galicia.

Adicionalmente, coa finalidade de que outros sectores podan beneficiarse, na medida en que sexa posible, dos resultados deste programa e intentar a súa réplica, ambas partes consenten expresamente na divulgación e posta a disposición do público, en formato aberto, do informe de diagnóstico e de recomendacións así

como da metodoloxía, o material formativo e o informe de resultados. A estes efectos, e sen prexuízo da súa divulgación por outros medios, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poñerá os documentos finais resultado deste convenio a disposición do público a través da plataforma tecnolóxica da Alianza galega polo Clima.

Cuarta. Contía da achega económica

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará a Clusaga a cantidade máxima de 45.000 € con cargo á partida orzamentaria 06.02.541E.640.1, código de proxecto 2024 00212, do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

Quinta. Gastos compensables

Con carácter xeral, considéranse gastos compensables aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins e período de vixencia do convenio..

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente ás actuacións realizadas entre a data de sinatura e a data de xustificación, de conformidade cos prazos sinalados na cláusula sétima.
- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable.
- Os gastos nos que incorra Clusaga serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e diminuirán o importe total a achegar pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Todos os gastos externos xustificados por Clusaga deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento

que permita establecer o dito axuste. A compensación rebaxairase en función dos prezos de mercado no caso de que o importe xustificado sexa superior.

Sexta. Xustificación e pagamento das contribucións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de 45.000 €. Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025, nos que existe crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% desta achega, conforme á partida orzamentaria 06.02.541E.640.1.

2. A contribución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático será aboada sempre que se acredite ante a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático a execución das accións enunciadas neste convenio.

3. Para a acreditación á que se refire o punto anterior, Clusaga presentará á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, unha vez finalizadas actividades que se detallan neste Convenio, e en todo caso como data límite o 30 de novembro de 2025:

3.1. Unha relación clasificada dos gastos nos que se incorreu, coa identificación do concepto de gasto, acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

3.2. As facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes das transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativas dos pagamentos polos servizos realizados.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada das

mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

3.3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realice estas consultas polos seus propios medios.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser incluído na solicitude de pagamento. Neste caso, deberá presentarse un certificado oficial expedido pola AEAT, acreditativo da situación da entidade con respecto ao IVE.

3.4. Unha memoria xustificativa final onde se describan de xeito individualizado as distintas accións desenvolvidas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas no marco deste convenio.

3.5. No caso daquelas accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais, xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

3.6. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

4. Clusaga responsabilizase da veracidade dos documentos presentados. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

5. En todo caso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

6. Clusaga manterá a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por, cando menos, unha persoa representante de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

A presidencia da Comisión, que a ostentará unha das persoas que actúe en representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, no capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Vixencia e causas de resolución

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2025.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.

- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Novena. Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima. Publicidade da subscrición do convenio

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicará no Diario Oficial de Galicia, no Portal de Transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da obriga económica asumida pola Consellería ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Clusaga deberá subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo primeira. Propiedade intelectual

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta de Clusaga e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será de Clusaga e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable. Coa finalidade de que todas as empresas do sector alimentario de Galicia así como, en xeral, outros sectores, podan beneficiarse dos resultados deste programa e intentar a súa réplica, ambas partes consenten expresamente na divulgación e posta a disposición do público, en formato aberto, do informe de diagnóstico e de recomendacións así como da metodoloxía, o material formativo e o informe de resultados.

Décimo segunda. Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

Décimo terceira. Autorizacións

Clusaga consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación,

cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con sede no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15781, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Natureza e normativa

O presente convenio ten natureza administrativa, estando suxeito as previsións dos artigos 47 e ss da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. En consecuencia, queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio electronicamente, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Pola Consellería de Medio Ambiente e
Cambio Climático

Pola Asociación Cluster Alimentario
de Galicia

Ángeles Vázquez Mejuto

Andrés Rodríguez Gómez

ANEXO. ORZAMENTO ECONÓMICO

Tipoloxía de actuación	Tipoloxía de gasto	Importe 2025 (euros)
Coordinación do programa	gastos de persoal	6.363,64 €
	servizos externos	- €
	custes indirectos	636,36 €
	total	7.000,00 €
Diagnóstico de empresas (mínimo 15)	gastos de persoal	545,45 €
	Servizos externos: Servizo de verificación da avaliación preliminar para detectar o nivel de madurez climática e de sustentabilidade da empresas presentadas	5.400,00 €
	custes indirectos	54,55 €
	total	6.000,00 €
Formación grupal (mínimo 4)	gastos de persoal	1.090,90 €
	Servizos externos: 4 talleres teórico-prácticos, de 4h/ taller, en temáticas como Avaliación de riscos climáticos, Comunicación e memorias de sustentabilidade, Pegadas ambientais e Liñas estratéxicas de descarbonización e lean & green	10.800,01 €
	custes indirectos	109,09 €
	total	12.000,00 €
Coaching e titorización empresas (mínimo 5)	gastos de persoal	1.364,68 €
	Servizos externos: Coaching e titorización das empresas seleccionadas para optimizar ciclos de carbono alimentarios	13.498,85 €
	custes indirectos	136,47 €
	total	15.000,00 €
Elaboración e deseño material divulgativo	gastos de persoal	454,55 €
	Servizos externos: Elaboración de manual de identidade gráfica do programa, planificación de comunicación dixital e impresión de materiais divulgativos.	4.500,00 €
	custes indirectos	45,45 €
	total	5.000,00 €
TOTAL	gastos de persoal	9.819,22 €
	servizos externos	34.198,86 €
	custes indirectos	981,92 €
	total	45.000,00 €